

# GUÍA DE LECTURA

## A IDADE DA IRA




### O AUTOR

**Nando López** (Barcelona, 1977) é novelista, dramaturgo e doctor cum laude en Filoloxía Hispánica. Foi mestre de Secundaria e Bacharelato no ensino público, malia que na actualidade se adica exclusivamente á escrita.

Galardoado co Premio Arcoíris 2023 polo Ministerio de Igualdade e o Premio Triángulo Cultura 2022, tamén obtivo o Premio Gran Angular 2020 con *La versión de Eric* e foi finalista ao Premio Nadal 2010 con *La edad de la ira*, convertida en serie para Atresplayer Premium. Na súa traxectoria narrativa destacan títulos como *Hasta nunca*, *Peter Pan*, *Cuando todo era fácil* ou *El sonido de los cuerpos*. Además, é autor de títulos xuvenís como *El río de las primeras veces*, *Nadie nos oye*, *En las redes del miedo* ou a triloxía *La leyenda del Cíclope*.

Como dramaturgo, estreou as súas obras dentro e fóra de España, en países como Costa Rica, Chile, Estados Unidos, Venezuela, México ou Panamá. Entre os seus títulos figuran *Inventando a Lope*, *Nunca pasa nada*, *#malditos16* (candidata ao Premio Max 2018 á mellor autoría revelación), *Los amores diversos*, *Cuando fuimos dos*, *La edad de la ira* (baseada libremente na súa propia novela). Ademais, é autor de pezas teatrais destinadas ao público infantil e xuvenil (*Por qué tiene que ser todo tan difícil* ou *La foto de los diez mil me gusta*) e de adaptacións e versións libres de textos clásicos como *Desengaños amorosos* (candidata ao Premio Max 2020 á mellor adaptación teatral), *Las harpías en Madrid*, *Tito Andrónico* (candidata ao Premio Max 2021 á mellor adaptación teatral) ou *Yerma* (galardoada co Premio Helen Hayes 2015 ao mellor espectáculo teatral).



**Título:** *A idade da ira*

**Texto:** Nando López

**Tradución:** Xosé Duncan

**Idioma:** Galego

**Encadernación:** Rústica con solapas

**IBIC:** FA

**Medidas:** 15 x 21 cm

**Páxinas:** 356

**ISBN:** 978-84-10049-14-7

**PVP:** 19,50 €



9 788410 104914 7

«Das últimas xeracións de dramaturgos, Nando López é unha das súas voces máis sobresaíntes»,  
**ABC Cultural**

«A súa literatura propón unha inmersión despoxada de tópicos», **Eldiario.es**

«As súas obras abordan moitos dos grandes problemas da nosa sociedade», **Revista Leer**

### PÁXINAS WEB

A oficial do autor: <https://nandolopez.es/>

A da obra en galego na web de Bululú: <https://www.editorialbululu.com/producto/a-idade-da-ira/>

A da obra na súa adaptación teatral: <https://www.lajoven.es/laedaddelaira>

A da obra na súa adaptación a serie televisiva: <https://premium.atresplayer.com/la-edad-de-la-ira/>

## A OBRA

*A idade da ira* foi finalista no Premio Nadal no ano 2010, hai case quince anos. Nesa época, os conflitos que se mencionan na novela supoñían unha maior fractura social que no momento actual (aínda que iso non signifique que estean solucionados hoxe en día).

Os elementos de crítica social máis importantes na obra son a discriminación por mor da orientación sexual das persoas e as carencias económicas do ensino público ante as prioridades e promoción que se lle dá ao ensino concertado. Ademais dunha potente denuncia do acoso laboral e das redes de pornografía infantil e xuvenil.

A historia comeza co asasinato dun home do que é inculpado un dos seus fillos. Con este punto de partida, incorpórase a figura dun periodista decidido a investigar os motivos e causas que provocaron o dramático incidente. Para iso, mergúllase na vida do centro de ensino onde Marcos, o suposto asasino, cursaba secundaria. Durante a súa investigación, recompilará os testemuños de alumnos, mestres, xefa de estudos e director do centro. Con toda esta información, o lector coñecerá de primeira man as problemáticas da labor docente e mais os conflitos e enfrontamentos que ocorren entre o alumnado.

## RESUMO

A historia comeza cunha redacción elaborada por Marcos que narra, en primeira persoa, a súa relación familiar co seu pai e os seus irmáns (a súa nai faleceu recentemente nun accidente de tráfico por conducir baixo os efectos do alcol). Na redacción xa se intúe un carácter violento e moi controlador por parte do pai, que se suma a unha admiración paterna polo irmán maior, a cal choca coa decepción que a homosexualidade de Marcos provoca no pai.

No segundo capítulo coñecemos a Santiago, periodista e exalumno do centro no que estudaba Marcos, que toma como unha cruzada persoal saber que pasou en realidade e cales foron os motivos polos que Marcos chegou a cometer o asasinato do que se lle acusa.

A partir dese momento entran en escena a xefa de estudos, o director e diferentes mestres do centro que narrarán en primeira persoa como transcorreu, no día a día do centro, a semana anterior ao asasinato. Cos seus testemuños iremos coñecendo as relacións, conflitos, situacións de acoso laboral e persoal que teñen lugar dentro das aulas.

Nun intre da investigación, o periodista une as diferentes versións e chega á conclusión de que ningún dos entrevistados lle contou toda a verdade. Máis ou menos á metade da novela, iníciase de novo todos os testemuños dende o primeiro día desa última semana na que, xa desta volta, lle contan a verdade completa ao periodista.

Ao remate desta segunda volta de declaracións, o periodista debuxa o que, para el, foi a escena real dese domingo no que sucedeu o asasinato.



## PROPOSTA DIDÁCTICA

### Actividades para:

- Fomentar a empatía e o respecto cara a diversidade, tanto dentro como fóra das aulas.
- Analizar as experiencias dos personaxes do libro ao redor dos temas principais: os conflitos na aula, o bullying ou a discriminación por cuestións de orientación sexual.
- Traballar a capacidade para identificar o bullying ou a discriminación por diferentes causas e, tamén, as ferramentas para facerlles fronte por medio de estratexias de convivencia e resolución de conflitos.

### Cuestións a tratar:

- O bullying e os seus efectos.
- As diferentes maneiras de discriminación.
- Desigualdade dentro e fóra da aula.
- Empatía, respecto, aceptación e diversidade.

### Metodoloxía:

- Lectura individual nun prazo establecido por capítulos.
- Lecturas conxuntas de determinados capítulos ou fragmentos do libro, para despois debatelos en grupo e reflexionar sobre os temas tratados.
- Análise de situacións concretas da trama para tentar resolvelas entre todos.
- Redacción dun pequeno ensaio no que se relacione o libro cos temas que se tratan nel e experiencias persoais ou situacións que se viran ou leran en outros libros, películas ou series.

## ACTIVIDADES

1. Introducción sobre o libro e o autor. Nando López é moi activo nas redes sociais e os seus libros aparecen a miúdo na prensa, coñecían xa algo sobre el? Viran algunha das súas series ou obras de teatro?
2. Complementar as lecturas individuais con lecturas na clase de fragmentos clave dos últimos capítulos lidos, para dar espazo á reflexión ao redor dos temas que aparezan como as cuestións máis formais do libro: se lles gusta como avanza, o ritmo da lectura, que opinan das personaxes...
3. Poñerse no lugar de dous personaxes opostos e tentar comprender por que cada un actúa dun xeito ou doutro. Que farían eles no seu lugar?
4. Identifícanse co entorno escolar que se describe no libro? Parécelles que mudaron as cousas en canto á aceptación da diversidade sexual respecto á época na que ten lugar a historia?
5. Un dos problemas que se tratan no libro é a falta de recursos nos centros públicos, e que con frecuencia se vive de maneira diferente dende o punto de vista dos alumnos e dos mestres. Como cren que lles afecta a eles? Xerar un debate no que se aporten exemplos dende a perspectiva do profesorado e se fagan propostas en conxunto do que se podería mellorar ou de como sería para eles o centro educativo "ideal".
6. Unha vez rematado o libro, imaxinar outro escenario en que o asasinato de Marcos non chegara a ocorrer. Que terían que facer para evitalo? Cantos personaxes foron os "culpables" de provocalo e como se deberían ter comportado para evitalo?